

Ilustración: Sheela Tato



**II Certame de Relato Curto en Igualdade
Lonxa Literaria / Concello de Moaña**

**II Certame de Relato Curto en Igualdade
Lonxa Literaria / Concello de Moaña**

Relato gañador:

Os gatos pardos

Autor:

Fabio Rivas Pardo

Ilustración da portada:

Sheela Tato

Os gatos pardos

Fabio Rivas Pardo

Se hai un costume que non fixo por se perder na parroquia de Santo André, ese é o de ir ás cancelas na noite de San Xoán. Pasadas as doce, coa xente da aldea arrexuntada nas fogueiras e cos bicos ben mollados en viño e no mollo das sardiñas asadas, reuniámonos toda a rapazada no palco da orquestra para irmos roubar as portas das fincas veciñas. Agachabámolas entre as matogueiras, a moita distancia das eiras; ás veces, se se trataba dunha persoa ruín, guindabámoslle no caudal do Umia ou ceibabámoslle o gando.

Ou, máis ben, xa que a min non mo permitían, facíanos eles.

—Como queres vir connosco, se non ves nada? —dixo Amancio cando lles preguntei por que non os podía acompañar.

—E amais es nena —engadiu outro.

—Nena e cega, Adeliña —completou Suso con mofa—. Aínda te nos perdes polo Xiabre e quen te atope fai de ti un pandeiro!

E os tres riron ás gargalladas.

Pensei en responderlles que a escuridade é a mesma para todos. Que entre a negrura ningún deles sabía moverse coma min, que vivía neses montes nunha noite constante. Ademais contaba co Fusco, o meu pastor, que non se afastaba de min.

En cambio, calei. Calei e decidín que despois de anoitecer, nese momento en que todos os gatos son pardos, eu sería unha raposa famenta de felino.

Xa levaba un anaco no punto de xuntanza, mesturada entre as árbores mestas, cando os tres rapaces chegaron desde diferentes lugares. Oínos pasar un por un, e mesmo puiden sentir a calor dunha lámpada de carburo ao achegarse ao meu carón.

—Apañei caña de herbas do vello —dixo un.

Unha vez marcharon, logo de fondos grolos que baleiraron media botella, o Fusco, deitado sobre a follaxe adormecida, tirou da correa e guioume polo ronsel que a tropa deixaba no camiño.

Fixeron a primeira parada onda a do Venancio, a quen deixaron sen vaca na corte e a sebe sobre as pólas dun castiñeiro. A seguir, pasearon polas fincas da aldea e desprotexeron case unha ducia delas. Ata tiveron azos de desaparafusar a cancela que custodiaba o adro da igrexa. Dado xa o labor por suficiente, internáronse no bosque e sentaron nun penedo a rematar co licor. Coa borracheira tardaron pouco en caer do sono.

O can mais eu desfixemos o andado. Desprazábame de carballo a eucalipto e de eucalipto a bidueiro ás apalpadas, coa gracilidade de quen camiña polo corredor da casa. Diferenciaba o tacto, as rugosidades de cada árbore, e podía recoñecer en que lugar do monte me atopaba pola moleza do terreo baixo os meus pés. No fin de contas, desde moi nena empregaba a diario aqueles vieiros de terra pisada, aqueles carreiros de silvas e toxos a través da maleza, cargada de millo que moer no muíño ou cestas de ovos para o estraperlo.

Aínda que botamos toda a noite, co raiar xa tiñamos o traballo rematado.

Espertaron arrimadiños coma pitos no poleiro, coa grata compañía dunha vaca lambéndolles nos pés descalzos e, así que se espreguizaron, descubríronse presos das mesmas cancelas que roubaran na noite.

E cunha nena, cega, por riba, axexándoos ás agachadas.



CONCELLO
DE MOAÑA

